

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2022/17	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	09 de xuño de 2022
Duración	Dende as 13:00 ata as 13:14 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Manuel Cuiña Fernández
Secretario acctal. (Decreto 2022-0349)	David García Lareo
Interventor	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN	
Nome e Apelidos	Asiste
Angela Troitiño Gil	SÍ
Antonio Ferro Losada	SÍ
Jesús Taboada Lázara	SÍ
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior: 26.05.2022

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 26 de maio de 2022.

Expediente 846/2022. Prestacións Económicas de Servizos Sociais. Solicitud de Axuda de Emerxencia Social

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a emerxencia humanitaria que se está vivindo por mor do conflito bélico da Ucraína.

Visto que hai familias que se están asentando no Concello de Silleda, realizando os trámites oportunos de acordo á súa condición de persoas refuxiadas.

Visto o establecido na normativa vixente respecto da documentación a tramitar para con estas familias.

Visto o informe da educadora social, con data 3 de xuño de 2022, no que se indica o necesario traslado ás dependencias policiais de Pontevedra para tramitación de documentación de varias persoas.

Vistas as Bases das Axudas de Emerxencia Social para este ano 2022.

Polo exposto, a esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, ACORDA:

Primeiro.- Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda consistente no pago do servizo de traslado de Silleda a Pontevedra no EUROTAXI SILLEDA 7 PLAZAS (Santiago López Fernández), ás seguintes persoas:

- O.V.

Segundo.- Aprobar a factura 19/22 por importe de 140,05 € con cargo á aplicación presupostaria correspondente.

Terceiro.- Realizar o pagamento a través do pago delegado a EUROTAXI SILLEDA 7 PLAZAS (Santiago López Fernández) polo concepto da cuantía indicada.

Cuarto.- Comunicar ás persoas interesadas a concesión da axuda.

Quinto.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

Expediente 847/2022. Prestacións Económicas de Servizos Sociais. Solicitud de Axuda de Emerxencia Social

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a emerxencia humanitaria que se está vivindo por mor do conflito bélico da Ucraína.

Visto que hai familias que se están asentando no Concello de Silleda, realizando os trámites oportunos de acordo á súa condición de persoas refuxiadas.

Visto o establecido na normativa vixente respecto da documentación a tramitar para con estas familias.

Visto o informe da educadora social, con data 3 de xuño de 2022, no que se indica o necesario traslado ás dependencias policiais de Pontevedra para tramitación de documentación de varias persoas.

Vistas as Bases das Axudas de Emerxencia Social para este ano 2022.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, ACORDA:

Primeiro.- Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda consistente no pago do servizo de traslado de Silleda a Pontevedra no EUROTAXI SILLEDA 7 PLAZAS (Santiago López Fernández), ás seguintes persoas:

- L.H. ***1023***
- O.T. ***1036**
- A.T., ***1041**

Segundo.- Aprobar a factura 21/22 por importe de 140,05 € con cargo á aplicación presupostaria correspondente.

Terceiro.- Realizar o pagamento a través do pago delegado a EUROTAXI SILLEDA 7 PLAZAS (Santiago López Fernández) polo concepto da cuantía indicada.

Cuarto.- Comunicar ás persoas interesadas a concesión da axuda.

Quinto.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

Expediente 848/2022. Prestacións Económicas de Servizos Sociais. Solicitud de Axuda de Emerxencia Social

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a emerxencia humanitaria que se está vivindo por mor do conflito bélico da Ucraína.

Visto que hai familias que se están asentando no Concello de Silleda, sendo ubicados en vivendas que requiren duns mínimos de habitabilidade para o benestar destas persoas.

Visto o informe da educadora social, con data 3 de xuño 2022, no que se indica a necesidade de dotar unha destas vivendas cun electrodoméstico básico.

Vistas as Bases das Axudas de Emerxencia Social para este ano 2022.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, ACORDA:

Primeiro.- Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda consistente no pago dunha cociña de gas xunto con accesorios básicos para dotar a devandita vivenda con estes enseres dos que carece.

Segundo.- Aprobar a factura 22000423 de Ferretería Valiño S.L. por importe de 369,00 € con cargo á aplicación presupostaria correspondente.

Terceiro.- Realizar o pagamento a través do pago delegado a FERRETERIA VALIÑO S.L. polo concepto da cuantía indicada.

Cuarto.- Comunicar á persoas interesada a concesión da axuda.

Quinto.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

Expediente 792/2020. Devolución aval "MELLORA DO PARQUE INFANTIL DA PRAZA JUAN SALGUEIRO DE SILLEDADA"

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

En data data 01.12.2021 con Rexistro de Entrada n.º 2021-E-RE-1371 preséntase, por Fernando Pena Caramés, escrito de solicitude de devolución da garantía definitiva constituída ENDENOR MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, S.L. con C.I.F. B36563823, para responder do contrato de obras denominado "MELLORA DO PARQUE INFANTIL DA PRAZA JUAN SALGUEIRO DE SILLEDADA"

Visto que na cláusula X do Prego de cláusulas administrativas que rexeu a presente contratación estableceuse un prazo de garantía de 1 ano dende a acta de recepción da obra, a cal ten data de 12 de novembro de 2020.

Considerando que de conformidade co establecido no art. 102.1 do Real Decreto Legislativo 3/2011 do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do sector público, a garantía non será devolta ou cancelada ata que se producise o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato de que se trate, ou ata que se declare a resolución deste sen culpa do contratista;

Visto que a actuación foi recibida polo Concello, sen que exista reparo algún por parte deste sobre a súa execución.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

Primeiro.- Aprobar a devolución do Aval nº 010000022978 de SOGARPO S.G.R., por importe de 3.728,80 €, constituído como garantía do correcto cumprimento do contrato de obras denominado "MELLORA DO PARQUE INFANTIL DA PRAZA JUAN SALGUEIRO DE SILLEDA"

Segundo.- Notificar ao interesado o presente acordo.

Expediente 318/2017. Devolución aval "AMPLIACIÓN DA REDE DE ALUMEADO PÚBLICO NA AVENIDA RECINTO FEIRAL (SILLEDA)"

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

En data data 19.05.2022 con Rexistro de Entrada n.º 2022-E-RC-2011 preséntase escrito de solicitude de devolución da garantía definitiva constituída ELECTRICIDAD ARTEAGA GRES, S.L. con C.I.F. B36551331, para responder do contrato de obras denominado "AMPLIACIÓN DA REDE DE ALUMEADO PÚBLICO NA AVENIDA RECINTO FEIRAL (SILLEDA)"

Visto que na cláusula 22 do Prego de cláusulas administrativas que rexeu a presente contratación estableceuse un prazo de garantía de 2 anos mais unha mellora de ampliación ofertada de 24 meses dende a acta de recepción da obra, a cal ten data de 25 de outubro de 2017.

Considerando que de conformidade co establecido no art. 102.1 do Real Decreto Legislativo 3/2011 do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do sector público, a garantía non será devolta ou cancelada ata que se producise o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato de que se trate, ou ata que se declare a resolución deste sen culpa do contratista;

Visto que a actuación foi recibida polo Concello, sen que exista reparo algún por parte deste sobre a súa execución.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

Primeiro.- Aprobar a devolución do Aval nº 8212/00693 de BANCO PASTOR, S.A., por importe de 3.083,39 €, constituído como garantía do correcto cumprimento do contrato de obras denominado "AMPLIACIÓN DA REDE DE ALUMEADO PÚBLICO NA AVENIDA RECINTO FEIRAL (SILLEDA)"

Segundo.- Notificar ao interesado o presente acordo.

Expediente 824/2022. Devolución aval "MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NO

CASCO URBAN DE SILLEDA"**Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

En data data 19.05.2022 con Rexistro de Entrada n.º 2022-E-RC-2010 preséntase escrito de solicitude de devolución da garantía definitiva constituída ELECTRICIDAD ARTEAGA GRES, S.L. con C.I.F. B36551331, para responder do contrato de obras denominado "MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NO CASCO URBAN DE SILLEDA"

Visto que na cláusula 22 do Prego de cláusulas administrativas que rexeu a presente contratación estableceuse un prazo de garantía de 2 anos dende a acta de recepción da obra.

Considerando que de conformidade co establecido no art. 102.1 do Real Decreto Legislativo 3/2011 do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do sector público, a garantía non será devolta ou cancelada ata que se producise o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato de que se trate, ou ata que se declare a resolución deste sen culpa do contratista;

Visto que a actuación foi recibida polo Concello, sen que exista reparo algún por parte deste sobre a súa execución.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

Primeiro.- Aprobar a devolución do Aval nº 8212/00680 de BANCO PASTOR, S.A., de data 18/05/2015, por importe de 4.994,77 €, constituído como garantía do correcto cumprimento do contrato de obras denominado "MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NO CASCO URBAN DE SILLEDA"

Segundo.- Notificar ao interesado o presente acordo.

Expediente 326/2022. Contratacións. "DIRECCIÓN FACULTATIVA E COORDINACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE para a execución do PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A NOVA CASA CONSISTORIAL DE SILLEDA".**Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 10 de marzo de 2022 acordouse o inicio do procedemento de adxudicación do contrato de servizos denominado "DIRECCIÓN FACULTATIVA E COORDINACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE para a execución do PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A NOVA CASA CONSISTORIAL DE SILLEDA" por importe de 79.510,89 euros máis 96.208,18 euros de IVE, polo procedemento aberto simplificado.

Vistos o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá este procedemento de contratación, así como o prego de prescricións técnicas.

Vistos os informes de Secretaría, de data 06 de abril de 2022 e Intervención de data 07 de abril de 2022

Sometido a aprobación da Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 07 de abril de 2022, o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria, e acordada a apertura do procedemento de licitación.

Visto que mediante escrito con Rexistro de Entrada 2022-E-RE-398, de data 21 de abril de 2022 preséntase por ABRAHAM CASTRO NEIRA “solicitud de revisión de oficio e/ou subsidiario recurso administrativo de impugnación para declaración de nulidade e anulación do prego de cláusulas administrativas particulares que deben rexer no contrato administrativo de servizos denominado “dirección facultativa e coordinación en materia de seguridade e saúde para a execución do proxecto básico e de execución para a nova casa consistorial de Silleda”, a adxudicar por procedemento aberto simplificado”.

Visto que, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 05 de maio de 2022, estímase parcialmente o recurso de reposición presentado por Abraham Castro Neira, procedéndose a modificación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e a apertura dun novo prazo de presentación de ofertas.

No prazo establecido presentáronse as seguintes proposicións que foron aceptadas pola mesa de contratación en sesión celebrada o 23 de maio de 2022:

- JOSÉ IGNACIO LÓPEZ DE REGO URIARTE - NIF XXXXX
- FRANCISCO JAVIER SANCOSMED ÁLVAREZ - NIF XXXXXX
- UTE Silvia Rodríguez Rodríguez - Delia Prado Figueroa – NIF XXXX – NIF XXXXX (Lote 1)
- FRANCISCO FERNÁNDEZ NOVAS - NIF XXXXX
- UTE ABRAHAM CASTRO e CARLOS PITA ABAD – NIF XXXXX - NIF XXXXX
- PROMOVE XESTIÓN TÉCNICA SLP – NIF XXXXX
- ESTUDIO ARQUILOM, SLP –XXXXXX
- UTE Fliñq Liquen Silleda 2022 (Fliñq Ingeniería, S.L. NIF XXXX - Manuel Amado Fernández NIFXXXXXXXX)

Vista a acta da Mesa de contratación celebrada o 25/05/2022, correspondente á apertura da documentación contida no sobre B, que contén a oferta económica co seguinte resultado

LICITADOR	OFERTA € (Sin IVA)		
	LOTE 1	LOTE 2	LOTE 3
JOSÉ IGNACIO LÓPEZ DE REGO URIARTE	29.590,00		
FRANCISCO JAVIER SANCOSMED ÁLVAREZ		22.200,00 (1)	7.650,00 (2)
UTE Silvia Rodríguez Rodríguez - Delia Prado Figueroa	36.110,80		
FRANCISCO FERNÁNDEZ NOVAS		22.600,00 (1)	7.450,00 (2)
UTE ABRAHAM CASTRO e CARLOS PITA ABAD	31.555,05	24.040,25	8.013,42

	(1)	(2)	(3)
PROMOVE XESTIÓN TÉCNICA SLP	29.642,02 (2)	22.582,81 (1)	
ESTUDIO ARQUILOM, SLP	27.300,00		
UTE Flinq Liquen Silleda 2022 (Flinq Ingeniería, S.L. - Manuel Amado Fernández)	29.990,00		

(*) o número que consta debaixo do prezo ofertado é a preferencia do licitador.

Acordándose clasificar as proposicións presentadas polo seguinte orde decrecente, segundo as puntuacións obtidas por cada unha delas:

LOTE 1			
Número	Licitador	Oferta € (Sin IVA)	Puntuación
1	ESTUDIO ARQUILOM, SLP	27.300,00	100
2	JOSÉ IGNACIO LÓPEZ DE REGO URIARTE	29.590,00	99,44
3	PROMOVE XESTIÓN TÉCNICA SLP	29.642,02	99,43
4	UTE Flinq Liquen Silleda 2022 (Flinq Ingeniería, S.L. - Manuel Amado Fernández)	29.990,00	99,34
5	UTE ABRAHAM CASTRO e CARLOS PITA ABAD	31.555,05	98,96
6	UTE Silvia Rodríguez Rodríguez - Delia Prado Figueroa	36.110,80	82,81

LOTE 2			
Número	Licitador	Oferta € (Sin IVA)	Puntuación
1	FRANCISCO JAVIER SANCOSMED ÁLVAREZ	22.200,00	100
2	PROMOVE XESTIÓN TÉCNICA SLP	22.582,81	99,84
3	FRANCISCO FERNÁNDEZ NOVAS	22.600,00	99,83
4	UTE ABRAHAM CASTRO e CARLOS PITA ABAD	24.040,25	99,24

LOTE 3			
Número	Licitador	Oferta € (Sin IVA)	Puntuación
1	FRANCISCO FERNÁNDEZ NOVAS	7.450,00	100
2	FRANCISCO JAVIER SANCOSMED ÁLVAREZ	7.650,00	99,74
3	UTE ABRAHAM CASTRO e CARLOS PITA ABAD	8.013,42	99,28

A Mesa de Contratación propón a adjudicación do CONTRATO DE SERVICIOS DIRECCIÓN FACULTATIVA E COORDINACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE - NATURALMENTE NOSO: NOVO EDIFICIO ADMINISTRATIVO FRONTE A RÚA MORÓN a:

LOTE 1.- ESTUDIO ARQUILOM, SLP
LOTE 2.- FRANCISCO JAVIER SANCOSMED ÁLVAREZ
LOTE 3.- FRANCISCO FERNÁNDEZ NOVAS

e requerir as mencionadas empresas, por obter a mellor puntuación, para que presenten no prazo de 7 días hábiles a contar desde o envío da comunicación a documentación sinalada na Cláusula 27 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

Visto que por **ESTUDIO ARQUILOM, SLP** (Lote 1) mediante escrito con rexistro de entrada n.º 2022-E-RE-664, de data 03 de xuño de 2022 preséntase a documentación solicitada.

Visto que por **FRANCISCO JAVIER SANCOSMED ALVAREZ** (Lote 2) mediante escrito con rexistro de entrada n.º 2022-E-RE-663, de data 03 de xuño de 2022 preséntase a documentación solicitada.

Visto que por **FRANCISCO FERNANDEZ NOVAS** (Lote 3) mediante escritos con rexistro de entrada n.º 2022-E-RE-660, de data 03 de xuño de 2022 e n.º 2022-E-RE-665, de data 04 de xuño de 2022, preséntase a documentación solicitada.

A Mesa de Contratación presta súa conformidade a documentación presentada por:

LOTE 1.- ESTUDIO ARQUILOM, SLP
LOTE 2.- FRANCISCO JAVIER SANCOSMED ÁLVAREZ
LOTE 3.- FRANCISCO FERNÁNDEZ NOVAS

Visto o informe de fiscalización emitido polo Interventor Municipal, en data 07 de xuño de 2022.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

Primeiro.- Adxudicar o CONTRATO DE SERVIZOS DIRECCIÓN FACULTATIVA E COORDINACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE - NATURALMENTE NOSO: NOVO EDIFICIO ADMINISTRATIVO FRONTE A RÚA MORÓN a:

Lote	Adxudicatario	Prezo €	IVA	Total €
1 Dirección de obra.	ESTUDIO ARQUILOM, SLP	27.300,00	5.733,00	33.033,00
2 Dirección de execución de obra.	FRANCISCO JAVIER SANCOSMED ÁLVAREZ	22.200,00	4.662,00	26.862,00
3 Coordinación en materia de Seguridade e Saúde.	FRANCISCO FERNÁNDEZ NOVAS	7.450,00	1.564,50	9.014,50

Segundo.- Dispor o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 933-622, do Orzamento de gastos do Concello para o 2022

Terceiro.- Notificar as empresas adjudicatarias do contrato, a presente Resolución, indicándolle que a formalización do contrato terá lugar nun prazo máximo de 15 días. Así mesmo, a presente resolución notificarase a tódolos interesados.

Cuarto.- Publicar a formalización deste contrato no perfil do contratante do Concello de Silleda e na Plataforma de Contratación do Sector Público.

Quinto.- O prazo para a execución da Dirección Facultativa e da Coordinación da Seguridade e Saúde na Obra, computarase a partir da data da acta de inicio das obras e será o que se fixe para a execución das mesmas; todo iso con independencia de que o contrato continúe polo tempo necesario para realizar a súa recepción e liquidación, de acordo co previsto no apartado 7 do artigo 29 da LCSP.

Expediente 21/2022. Contratacións. "CONTRATACIÓN POR LOTES DO SERVIZO DE ROZA E LIMPEZA DAS CUNETAS, BEIRAVÍAS E NOIROS DOS CAMIÑOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA. ANO 2022 "

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 21 de abril de 2022 acordouse o inicio do procedemento de adjudicación do contrato de servizos denominado "CONTRATACIÓN POR LOTES DO SERVIZO DE ROZA E LIMPEZA DAS CUNETAS, BEIRAVÍAS E NOIROS DOS CAMIÑOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA. ANO 2022" por importe de 44.200,00 euros mais 9.282,00 euros de IVE, polo procedemento aberto simplificado.

Vistos o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá este procedemento de contratación, así como o prego de prescricións técnicas.

Visto o informe de Secretaría n. 44/2022 de data 02/05/2022.

Visto o informe de Intervención número 45 de data 03/05/2022.

Sometido a aprobación da Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 05 de maio de 2022, o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria, e acordada a apertura do procedemento de licitación.

No prazo establecido presentáronse as seguintes proposicións que foron aceptadas pola mesa de contratación en sesión celebrada o 25 de maio de 2022:

- DIEGO GARCÍA BESTEIRO - NIF XXXXXXXX
- SERVICIOS AGRINDUSTRIALES BASCUAS, S.L. - CIF XXXXXXXX
- EXCAVACIONES SABINO, S.L. - CIF XXXXXXXX

Visto que pola mesma Mesa de Contratación procédese a lectura das ofertas económicas presentadas co seguinte resultado

LICITADOR	OFERTA € (Sin IVA)		
	LOTE 1	LOTE 2	LOTE 3
DIEGO GARCÍA BESTEIRO	23.200,00 (0,20 €/ml)	11.970,00 (0,19 €/ml)	7.980,00 (0,19 €/ml)
SERVICIOS AGROINDUSTRIALES BASCUAS, S.L.	21.344,00 (0,184 €/ml)	11.592,00 (0,184 €/ml)	
EXCAVACIONES SABINO, S.L.		12.600,00 (0,20 €/ml)	8.400,00 (0,20 €/ml)

Acordándose clasificar as proposicións presentadas polo seguinte orde decrecente, segundo as puntuacións obtidas por cada unha delas:

LOTE 1			
Número	Licitador	Oferta € (Sin IVA)	Puntuación
1	SERVICIOS AGROINDUSTRIALES BASCUAS, S.L.	21.344,00	78,40
2	DIEGO GARCÍA BESTEIRO	23.200,00	0,00

LOTE 2			
Número	Licitador	Oferta € (Sin IVA)	Puntuación
1	SERVICIOS AGROINDUSTRIALES BASCUAS, S.L.	11.592,00	78,40
2	DIEGO GARCÍA BESTEIRO	11.970,00	49,00
3	EXCAVACIONES SABINO, S.L.	12.600,00	0,00

LOTE 3			
Número	Licitador	Oferta € (Sin IVA)	Puntuación
1	DIEGO GARCÍA BESTEIRO	7.980,00	49,00
2	EXCAVACIONES SABINO, S.L.	8.400,00	0,00

A Mesa de Contratación propón a adjudicación da CONTRATACIÓN POR LOTES DO SERVIZO DE ROZA E LIMPEZA DAS CUNETAS, BEIRAVÍAS E NOIROS DOS CAMIÑOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLED A. ANO 2022 a:

LOTE 1.- SERVICIOS AGROINDUSTRIALES BASCUAS, S.L.
LOTE 2.- SERVICIOS AGROINDUSTRIALES BASCUAS, S.L.
LOTE 3.- DIEGO GARCÍA BESTEIRO

e requerir as mencionadas empresas, por obter a mellor puntuación, para que presenten no prazo de 7 días hábiles a contar desde o envío da comunicación a documentación sinalada na Cláusula 27 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

Visto que por **SERVICIOS AGROINDUSTRIALES BASCUAS, S.L.** (Lote 1) mediante escrito con rexistro de entrada n.º 2022-E-RE-661, de data 03 de xuño de 2022 preséntase a documentación solicitada.

Visto que por **SERVICIOS AGROINDUSTRIALES BASCUAS, S.L.** (Lote 2) mediante escrito con rexistro de entrada n.º 2022-E-RE-659, de data 03 de xuño de 2022 preséntase a documentación solicitada.

Visto que por **DIEGO GARCIA BESTEIRO** (Lote 3) mediante escritos con rexistro de entrada n.º 2022-E-RE-678, de data 06 de xuño de 2022, preséntase a documentación solicitada.

A Mesa de Contratación presta súa conformidade a documentación presentada por:

LOTE 1.- SERVICIOS AGROINDUSTRIALES BASCUAS, S.L.

LOTE 2.- SERVICIOS AGROINDUSTRIALES BASCUAS, S.L.

LOTE 3.- DIEGO GARCÍA BESTEIRO

Visto o informe de fiscalización emitido polo Interventor Municipal, en data 07 de xuño de 2022.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

Primeiro.- Adxudicar a CONTRATACIÓN POR LOTES DO SERVIZO DE ROZA E LIMPEZA DAS CUNETAS, BEIRAVÍAS E NOIROS DOS CAMIÑOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA. ANO 2022 a:

Lote	Adxudicatario	Prezo €	IVA	Total €
1 camiños municipais das parroquias de DORNELAS -PIÑEIRO-MANDUAS- CIRA-CERVAÑA-LAMELA-MOALDE-ESCUADRO	SERVICIOS AGROINDUSTRIALES BASCUAS, S.L.	21.344,00	4.482,24	25.826,24
2 camiños municipais das parroquias de: ABADES-CHAPA-PAZOS-ANSEMIL-BREIXA-MARTIXE-RELLAS-MARGARIDE-SILLEDA-FIESTRAS	SERVICIOS AGROINDUSTRIALES BASCUAS, S.L.	11.592,00	2.434,32	14.026,32
3 camiños municipais das parroquias de: GRABA-CORTEGADA-	DIEGO GARCÍA BESTEIRO	7.980,00	1.675,80	9.655,80

REFOXOS-OLEIROS- LARO-PARADA				
---------------------------------	--	--	--	--

Segundo.- Dispor o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 172-22799, do Orzamento de gastos do Concello para o 2022

Terceiro.- Notificar as empresas adjudicatarias do contrato, a presente Resolución, indicándolle que a formalización do contrato terá lugar nun prazo máximo de 15 días. Así mesmo, a presente resolución notificarase a tódolos interesados.

Cuarto.- Publicar a formalización deste contrato no perfil do contratante do Concello de Silleda e na Plataforma de Contratación do Sector Público.

Quinto.- O prazo de execución para a realización dos traballos será de DOUS (2) meses. Marcará o inicio o Concello mediante a sinatura da acta correspondente, que terá lugar no prazo máximo de 10 días naturais dende a formalización do contrato.

Expediente 337/2022. Solicitud de Licenza ou Autorización Urbanística. Acondicionamento de baixo para destinalo a centro de negocios, no baixo situado na Rúa Trasdeza nº 60 de Silleda. Donsión Proyectos S.L. en representación de Delfina Fernández Vázquez.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Inclusión por urxencia Expediente 337/2022

Toma a palabra o Sr. Presidente, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 09 de xuño de 2022.

Expediente 337/2022. Solicitud de Licenza ou Autorización Urbanística. Acondicionamento de baixo para destinalo a centro de negocios, no baixo situado na Rúa Trasdeza nº 60 de Silleda. Donsión Proyectos S.L. en representación de Delfina Fernández Vázquez.

Vista a solicitude de licenza presentada por Donsión Proyectos S.L. en representación de Delfina Fernández Vázquez, con Rexistro de entrada 2022-E-RE-203 do día 03.03.22, para Acondicionamento de baixo para destinalo a centro de negocios, segundo o proxecto presentado

pola arquitecta Marlene Pérez Sánchez.

Visto o informe emitido o 01.06.2022 pola arquitecta técnica municipal Ana Castiñeiras Lesende no que conclúe o seguinte:

“N.º Expediente: 337/2022

Solicitante: Delfina Fernández Vázquez XXXXX

Representante: Donsión Proyectos S.L. XXXXX

Solicitud: Acondicionamento de baixo existente para destinalo a centro de negocios

Emprazamento: Rúa Trasdeza nº 60, Silleda

Referencia catastral: 1976801NH6217N0002YF

Clase do solo: Solo urbano. Ordenanza de edificación cerrada.

Autor do proxecto: Marlene Pérez Sánchez [colexiada nº 4.952 COAG]

Dirección de obra: Marlene Pérez Sánchez [colexiada nº 4.952 COAG]

Dirección de execución: --

Orzamento: 102.258,07 €

Á vista da solicitude presentada por Donsión Proyectos SL, en representación de Dna. Delfina Fernández Vázquez, en relación coa **petición de licencia para acondicionamento de baixo existente para destinalo a centro de negocios**, no baixo situado na Rúa Trasdeza nº 60 de Silleda (esquina ca Rúa María Colmeiro).

Examinada a documentación que acompaña á solicitude (Rexistro de entrada 2022-E-RE-203 do día 03.03.22) e a documentación aportada posteriormente (Rexistro de entrada 2022-E-RE-620 do día 30.05.22)

En virtude do artigo 143.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia emítese o seguinte,

INFORME DOS SERVIZOS TÉCNICOS MUNICIPAIS

1.O acondicionamento do baixo está **suxeito ao réxime de licencia municipal**, conforme o artigo 142.2.a da Lei do Solo de Galicia e do artigo 2.b da Lei 38/1999 de Ordenación da Edificación.

2.A clasificación urbanística conforme ao PXOM vixente e a DT1º da LSG, é de **solo urbano**. Visto o plano nº 6.1 do PXOM, é de aplicación a **Ordenanza de edificación cerrada**.

3.O Plan Básico Autonómico, aprobado definitivamente o 26 de xullo de 2018, establece para este ámbito as seguintes afeccións:

~~Estradas (N-525)~~

Preséntase coa solicitude a autorización por parte da Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia, para a execución das obras solicitadas, que deberán suxeitarse as condicións particulares e xerais indicadas en dita resolución, das que cabe destacar:

- **Deberá garantirse en todo momento a seguridade viaria e peonil.**
- **O peticionario será responsable da boa conservación e limpeza permanente da obra e do terreo situado entre esta e a estrada, debendo retirar ao remanente das obras todos os**

materiais sobrantes e escombros.

~~Servidumes Aeronáuticas~~

O tipo de obras solicitadas non precisan autorización en zonas afectadas por servidumes aeronáuticas

4.O uso solicitado para centro de negocio, encadra no uso público de 2º grado (200-500 m2), conforme o artigo 132 do PXOM. O uso público está **permitido** na ordenanza de aplicación para todos os grados.

5.A actividade pretendida non está incluída no Catálogo de actividades sometidas a incidencia ambiental do Anexo da Lei 9/2013 do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

6.A solicitude de licenza urbanística contén a documentación establecida no artigo 353 do RLS.

7.O proxecto conta coa documentación indicada no Anexo I do CTE.

8.O proxecto presentado xustifica o cumprimento da normativa vixente en materia de Accesibilidade de Galicia, segundo se recolle na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

9.O proxecto presentado xustifica o cumprimento do establecido no Documento Básico Seguridade en caso de Incendios, DB-SI, segundo se recolle na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

10.O proxecto presentado xustifica o cumprimento do establecido no Documento Básico Seguridade de utilización e accesibilidade, DB-SUA, segundo se recolle na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

11.O proxecto presentado xustifica o cumprimento do establecido n Documento Básico Salubridade, DB-HS, segundo se recolle na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

12. O proxecto presentado xustifica o cumprimento do establecido no Documento Básico de Aforro de Enerxía, DB-HE, segundo se recolle na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

13. O proxecto presentado xustifica o cumprimento do establecido no Documento Básico de Protección fronte ao ruído, DB-HR, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

14.De acordo coa valoración levada a cabo polos Servizos Técnicos Municipais, o orzamento de 102.258,07 € considérase axeitado aos traballos sinalados polo solicitante.

15.De acordo có artigo Artigo 357.6 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, "**Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza**

municipal, e nas obras maiores a colocación do **cartel** en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente”. O modelo do cartel de obra poderase descargar na páxina web do Concello de Silleda, no seguinte enlace:

<https://silleda.es/concelleria-de-urbanismo-medio-ambiente-obras-e-servizos/urbanismo/modelo-cartel-de-obra/>.

16. Polo que respecta á delimitación de responsabilidade, **os deterioros dos servizos urbanos ou calquera producida como consecuencia das obras realizadas, serán responsabilidade do promotor das obras.**

17. Conforme ao artigo 364.2 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, **“Logo de rematar a obra, presentase comunicación previa para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento sen máis requisitos que os datos de identificación da persoa titular e a referencia da comunicación previa ou a licenza urbanística que amparou a obra realizada e o certificado final de obra asinado por técnico competente.”**

A técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a normativa urbanística vixente, polo que se **INFORMA FAVORABLEMENTE** a solicitude de concesión de licenza para Acondicionamento de baixo existente para destinalo a centro de negocios, con subxección ás anteriores determinacións, e propónse para a concesión de licenza municipal de obra.

NORMATIVA APLICABLE

- Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana
- Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia,
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos,
- RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia.
- R.D, 2187/1978, de 23 de xuño de 1978, Regulamento de Disciplina Urbanística para desarrollo da Lei sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana.
- Ley 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia
- Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda (aprobado con data 4.6.1981)
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia (PBAG).

- Decreto 29/2010, polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de Vivendas de Galicia (NHV-2010).
- Código Técnico de Edificación (CTE), aprobado polo Real Decreto 314/2006, do 17 de marzo.”

Visto o informe emitido o 03.06.2022 polo AEDL, Juan Carlos Peteiro Rodriguez, no que conclúe o seguinte:

“Visto o informe técnico redactado pola Arquitecto Técnica Municipal Dna Ana Castiñeiras Lesende, no expediente de referencia.

Vistas as conclusións que se conteñen no mesmo, no senso de que a técnico que o subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a normativa urbanística vixente, polo que se **INFORMA FAVORABLEMENTE** a solicitude de concesión de licencia para Acondicionamento de baixo existente para destinalo a centro de negocios, con subxección a a unha serie de determinacións, recollidas no mesmo, e polo que propón a concesión de licencia municipal de obra.

Vista a lexislación de aplicación:

Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana

- Lei 10/1995, dO 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia,
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 27/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos,
- RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia.
- R.D, 2187/1978, de 23 de xuño de 1978, Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo da Lei sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana.
- Ley 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia
- Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda (aprobado con data 4.6.1981)
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia (PBAG).
- Decreto 29/2010, polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de Vivendas de Galicia (NHV-2010).
- Código Técnico de Edificación (CTE), aprobado polo Real Decreto 314/2006, do 17 de marzo

Presto absoluta CONFORMIDADE (seuo) co contido no Informe Técnico.”

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

Primeiro: Conceder licenza urbanística a Delfina Fernández Vázquez, con DNI 35193419-S, para Acondicionamento de baixo existente para destinalo a centro de negocios, situado na Rúa Trasdeza nº 60 de Silleda (RC 1976801NH6217N0002YF).

As obras axustaranse na súa execución ao proxecto completo redactado pola arquitecta Marlene Pérez Sánchez, colexiada nº 4.952 COAG, cuxo presuposto de execución material ascende a 102.258,07 €, figurando como directora facultativa da obra Marlene Pérez Sánchez

O solo está clasificado polo PXOM de Silleda como SOLO URBANO, Ordenanza de edificación cerrada.

O uso solicitado para centro de negocio, encadra no uso público de 2º grado (200-500 m2), conforme o artigo 132 do PXOM. O uso público en todos os grados está permitido na ordenanza de aplicación para Solo Urbano.

Deberán suxeitarse ás condicións particulares e xerais indicadas na autorización do Ministerio de Transportes, movilidad y Agenda Urbana, con referencia L-PO-2416 do 07.10.2021, das que cabe destacar:

- Deberá garantirse en todo momento a seguridade viaria e peonil.
- O petionario será responsable da boa conservación e limpeza permanente da obra e do terreo situado entre esta e a estrada, debendo retirar ao remanente das obras todos os materiais sobrantes e escombros.

Segundo: O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses, e o de terminación de tres (3) anos, desde a data do outorgamento de licenza, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis (6) meses, segundo establece o artigo 145 da LSG. O Concello poderá conceder prórrogas dos referidos prazos da licenza, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

Terceiro: A caducidade da licenza será declarada pola administración municipal previo procedemento con audiencia ao interesado.

Cuarto: As licenzas enténdense concedidas sen prexuízo de terceiro e salvo o dereito de propiedade.

Quinto: Será requisito indispensable en todas as obras dispoñer, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

Sexto: Conforme ao artigo 364.2 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o

Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, "Logo de rematar a obra, presentarase comunicación previa para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento sen máis requisitos que os datos de identificación da persoa titular e a referencia da comunicación previa ou a licenza urbanística que amparou a obra realizada e o certificado final de obra asinado por técnico competente.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE